



ENQUISA DO PERFIL DE INGRESO DO ALUMNADO DO GRAO EN BIOLOXÍA DA FACULTADE DE BIOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2019-2020

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o 13/04/21
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 28/04/2021**

Alumnos/as de nova matrícula	p. 3
Procedencia académica do alumnado	p. 3
Probas de acceso a Universidade (ingreso)	p. 4
<i>Asignaturas elexidas e rendimento nas mesmas</i>	p. 4
<i>Nota de acceso (ABAU)</i>	p. 4
Elección de Grao e Universidade (ingreso)	p. 5
Anexo	p. 7

Alumnos de nova matrícula

No curso 2019/20 a Facultade de Bioloxía ofertou 110 prazas para cursar o Grao de Bioloxía (das que 10 corresponden ao Dobre Grao Química-Bioloxía), pero finalmente accederon ao Grao de Bioloxía 124 alumnos/as e ao Dobre Grao Química-Bioloxía 20 alumnos/as.

A gran maioría do alumnado procede do Bacharelato (LOMCE) de Ciencias e superaron as probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU). Así, para o alumnado do Grao en Bioloxía no curso 2019/20, o 2,4% procede de Formación Profesional, o 1,6% de validación de estudos estranxeiros e de intercambios nacionais e internacionais, e o 97% restante das probas de acceso a universidade.

Ao inicio de cada curso académico a Facultade de Bioloxía organiza un acto de acollida para o alumnado de primeiro curso, o que facilita a realización da enquisa de perfil de ingreso (Anexo). Na devandita enquisa consultóuselles sobre a nota de acceso, as materias que cursaran no bacharelato, as materias das que se examinarán na proba xeral e na específica e as cualificacións obtidas, así como a orde de prelación dos grados nos que solicitaron o ingreso e as universidades correspondentes.

A enquisa realizouse en setembro de 2019 ao alumnado que accedeu no curso 2019/20, contestando a enquisa 109 alumnos/as de novo ingreso no Grado de Bioloxía e 18 do Dobre Grao Química-Bioloxía polo que a consideramos representativa xa que o número de alumnos de novo ingreso foi de 124 para o Grado en Bioloxía e 20 para o Dobre Grao Química-Bioloxía.

Os resultados máis destacables dos datos aportados por los alumnos resúmense a continuación.

Procedencia académica do alumnado: Materias cursadas no bacharelato

O alumnado que accedeu ao Grao en Bioloxía, das materias de 1º curso de bacharelato o **90% cursou Bioloxía e Xeoloxía, o 91% Física e Química e o 88% Matemáticas I**. Respecto as asignaturas de 2º curso de bacharelato **a totalidade cursara Matemáticas II, o 99% Bioloxía, o 96% Química, o 46% Ciencias da Terra e do Medio Ambiente e tan so un 26% Xeoloxía e un 20% Física**.

No caso do alumnado do Dobre Grao Química-Bioloxía, o **94% cursou Física e Química e Matemáticas I e o 83% Bioloxía e Xeoloxía** en 1º curso de bacharelato. Respecto as asignaturas de 2º curso **todos os alumnos/as cursaran Bioloxía e Química e o 94% Matemáticas II**, mentres que as porcentaxe de alumnado que cursaron Física (39%), Ciencias da Terra e do Medio Ambiente (24%) e Xeoloxía (11%) son moito mais baixas.

Probas de acceso a Universidade (Ingreso)

Asignaturas elexidas e rendemento nas mesmas

Os resultados da enquisa realizada aos/as alumnos/as que accederon ao Grao en Bioloxía indican que a maioría examináronse de Matemáticas (89%), Bioloxía (86%), e Química (70%), e so o 14% o fixo de Xeoloxía e o 5% de Física.

Os mellores rendementos son para Xeoloxía (mediana de 8 puntos sobre 10), Bioloxía (mediana de 7,5 puntos sobre 10) e Matemáticas e Física (mediana de 7,25 puntos sobre 10). En Química a mediana foi de 6,75 puntos. Os primeiros cuartiles sitúanse por riba de 6 puntos agás en Química (5,25 puntos). Moi poucos alumnos/as suspenderon os exames: 4 alumnos/as suspenderon Bioloxía e 5 Matemáticas e Química, o que representa o 4,3%, o 5,2% e o 14,5% dos que se examinaron de Bioloxía, Matemáticas e Química respectivamente (Figura 1).

Para o alumnado que accedeu ao Dobre Grao Bioloxía-Química, os resultados son similares ao dos/as alumnos/as do Grao de Bioloxía, neste caso o 94% dos enquisados examináronse de Bioloxía e de Química, o 78% de Matemáticas e o 11% de Física e de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente.

No alumnado do dobre grao os mellores rendementos son para Ciencias da Terra e do Medio Ambiente (mediana de 9,07 puntos sobre 10), Química (mediana de 8,5 puntos sobre 10) e para Bioloxía (mediana de 8 puntos sobre 10). As medianas das cualificación de Matemáticas e Física son de 7,63 e 7,38 puntos (sobre 10) respectivamente. Os primeiros cuartiles sitúanse por encima de 6 puntos, destacando os valores de Matemática e Química que son superiores a 7 puntos (7,25 e 7,5 puntos, respectivamente). Todos os alumnos superaron as probas das que se examinaron. (Figura 1).

Comparando o perfil do alumnado do Grao de Bioloxía e do Dobre Grao en Bioloxía-Química, destacan os mellores resultados académicos nas probas de Matemáticas e

Química da ABAU do alumnado do Dobre Grao.

Pódese concluir que o alumnado que accede ao Grao en Bioloxía e ao Dobre Grao Bioloxía-Química que se imparten na Facultade de Bioloxía cursou maioritariamente as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas I, Bioloxía, Química e Matemáticas II. Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na ABAU que adoitan ser Bioloxía, Química e Matemáticas, nas que aproban mais do 85,5% e presentan una notas cuio valor da mediana corresponde a unha cualificación de notable salvo excepcións. Un 24% dos/as alumnos/as que acceden ao Grao en Bioloxía pode presentar importantes carencias formativas en Química.

Nota de acceso da ABAU

O 99,1% do alumnado que contestou a enquisa ten unha nota de acceso ao Grao en Bioloxía da USC maior ou igual a 9,9 puntos sobre 14 (entre 9,9 e 13,4), sendo os valores da media e da mediana de 11 e 10,8 puntos respectivamente. So un alumno/a ten unha nota de acceso menor (8,9) ao acceder a través doutros procedementos previstos na lei (probos de acceso a maiores de 25 ou 45 anos, titulados universitarios, deportistas de elite, ...).

O rendemento nas probas da ABAU do alumnado do Dobre grado é superior ao do alumnado de Bioloxía, todos teñen unha nota superior a 11 sobre 14 (entre 11,6 e 13), cunha media de 12,1 e unha mediana de 12 puntos.

Pódese concluir que o alumnado que accede ao grao en Bioloxía e ao dobre grao Bioloxía-Química que se imparten na Facultade de Bioloxía é un alumnado con notas de acceso de notable.

Elección de Grao e Universidade


Para o curso 2019/20, a porcentaxe de alumnos/as que seleccionaron o Grao en Biología da USC como primeira e segunda opción foi do 64% e do 28% respectivamente. Mais da metade do alumnado que seleccionou Bioloxía como segunda opción, seleccionara os outros graos que se imparten na Facultade de Bioloxía como primeira opción (Biotecnoloxía e o Dobre Grao Bioloxía-Química).

O 94,4% do alumnado que accedeu ao dobre grado Bioloxía-Química indicou que esta titulación era a súa primeira ou segunda opción (55,6% como primeira opción e 38,9%

como segunda). Ademais o 27,8% dos que accederon tiña como primeira opción o Grao en Biotecnoloxía da USC.

Pódese concluir que a maioría dos/as alumnos/as que cursa estudos do grao en Bioloxía e do dobre grao Bioloxía-Química na Facultade de Bioloxía da USC, seleccionaron estes estudos como a súa primeira opción.

Figura 1. Distribución dos valores da nota na ABAU por materia dos/as alumnos/as que accederon aos estudos de grao en Bioloxía e dobre grao Bioloxía-Química na Facultade de Bioloxía no curso 2019/2020. As caixas representan os cuartís e os bigotes os valores mínimos y máximos para as distintas materias (B: Bioloxía, F: Física, M: Matemáticas, Q: Química e X:Xeoloxía). A liña vermella representa o valor de 5. Inclúese tamén a porcentaxe do alumnado que realizou as probas de cada materia (liña negra).



Anexo. Enquisa do perfil de acceso

ENQUISA PERFIL DE INGRESO

1) Nota da ABAU de acceso ao Grao :

2) Materias cursadas en Bacharelato (contesta Si/Non no espazo adxacente):

Bioloxía e Xeoloxía	
Física e Química	
Matemáticas I	
Bioloxía	
Química	
Xeoloxía	
Física	
Matemáticas II	
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	

3) Materia obrigatoria de modalidade da que te examinaches na ABAU (inclúe a nota que obtiveches, se te acordas ou a podes consultar, na paréntese):

.....(.....)

4) Que materias escolliches para a fase específica da ABAU? (inclúe a nota que obtiveches, se te acordas ou a podes consultar, na paréntese):

.....(.....)

.....(.....)

.....(.....)

.....(.....)

5) Cal foi a túa orde de prelación dos graos que escolliches e en que universidade?

Opción	Grado	Universidade
Primeira		
Segunda		
Terceira		
Cuarta		